

# O santuario da Virxe dos Milagres de Saavedra (Begonte, Lugo)

JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO\*

## Sumario

Ao Santuario da Nosa Señora dos Milagres de Saavedra (Begonte) (Lugo) acoden devotos devotos preferentemente das provincias de Lugo e a Coruña na procura de que advocación mariana interceda por eles nunha serie de pedimentos. Por tal motivo, prometen realizar unha serie de rituais: oír unha ou máis misas; levar a cabo o ritual de circunvalación ó redor do santuario; «poñer a imaxe da Virxe»; participar na procesión; tamen levar candeas da súa mesma altura, velóns, figuras de cera representativas do corpo humano, esmola en metálico... Ao rematar os oficios relixioso celébrase a festa profana preto do recinto sagrado.

## Abstract

Many devotees come to the Sanctuary of Our Lady of Miracles (Saavedra , Begonte, Lugo), preferably from Lugo and Corunna provinces by seeking that, on Marian invocation, she will intercede for them in a group of requests. With this aim, they promise to perform a series of rituals: to hear one or more Masses; to carry out the ritual by-pass around the sanctuary; «Put the image of the Virgin»; participate in the procession; take there some candles the same height as their size; also taking there oil lamps, wax figures representang the human body, cash alms ... At the end of the religious services , a secular popular festa is held near the sacred enclosure.

## INTRODUCCIÓN


A relixiosidade de cada pobo, como todo fenómeno vivo, ten as súas peculiaridades, xa que posúe a súa maneira de vivir a fe e de proxectala ao exterior. Unha relixiosidade é popular cando se configura con ese pobo e manifesta o seu sentir. Constitue unha parte da cultura, dun xeito de pensar e de vivir. É popular o que o pobo crea. Tamén o que recibe, asimila e fai propio<sup>1</sup>. Polo tanto, a relixión de cada grupo humano é unha especie de colección viva de ritos, vivencias, que un pobo vai reunindo ó longo da súa historia. Ese sentimento e modo de pensar está reflectido nas tradicións e costumes, nos ritos, no folclore, nas festas etc.

Por outra banda, o fenómeno relixioso popular tenta dar solución ás necesidades



Localización xeográfica dos concellos de Begonte e Rábade.

\*José Manuel Blanco Prado é doutor en Historia pola Univ. de Santiago de Compostela. Publicou os libros: *Romaxes da Terra Chá*; *Relixiosidade popular en el municipio de Begonte*, e tamén, *Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses*. É coautor das obras: *Cruces e Cruceiros do concello de Begonte*; *Begonte: Pasado e Presente*, e *Tempos de Festa en Galicia*. É autor de numerosos traballos de Antropoloxía Cultural, Etnografía e Historia en revistas especializadas.



Mapa municipal de Begonte. Localización das freguesias de Saavedra e Trobo.

non satisfeitas polo sistema relixioso oficial. Polo tanto fronte á linguaxe conceptual do sistema oficial, que é inintelixible para a xente sinxela, a relixiosidade popular tende de cara a outras linguaxes baseadas na sensibilidade e na imaxinación<sup>2</sup>. Como produto da sensibilidade proxectámonos de cara ao singular, concreto e tanxible, reflectido nas imaxes, símbolos de entidades divinas. Como produto da imaxinación proliferan as narracións e lendas, que son instrumentos de transmisión oral de diversos eventos relixiosos. Estas novas maneiras de percepción do sagrado están máis cercanas ao corazón que ao entendemento. Polo tanto, non resulta estraño que a relixiosidade popular se mostre máis como a manifestación daqueles que sinten e ven, que dos que saben e coñecen.

Por outra banda, a relixiosidade popular presenta un estilo determinado de relacións co sagrado, sendo o pragmatismo un dos seus trazos básicos. Isto é debido a que a

vida económica do campesino dependía e segue dependendo, aínda que menos, do azar Pois ben, esta inseguridade, esta dependencia de factores externos non controlables –como treboadas, xeadas, doenzas humanas e do gando – deu lugar a que o ser humano buscase a axuda de entidades sacras. Isto propiciu un mutuo intercambio de favores, reflectido na realización de diferentes rituais e ofrendas a cambio da resolución de diversas alteracións da facenda familiar. Unha das manifestacións máis importantes deste tipo de relixiosidade encontrámola nos santuarios.

## I.- O CONCEPTO DE SANTUARIO

O santuario é un espazo de culto representado por unha ermida, capela ou igrexa parroquial. A él van devotos da propia parroquia, na que se empraza o recinto sacro e, tamén, doutras comunidades máis ou menos lonxanas segundo o grao de influencia que exerza o lugar sacro. «*El Santuario es un lugar de culto que atrae romeros en ámbito superior al local*»<sup>3</sup>. Cando os romeiros non pertencen á parroquia o máis habitual é que veñan o día ou días propios da festividade da entidade sacra, simbolizada por algunha advocación de Cristo; de María; ou dalgún santo-a. «*El santuario es un templo en el que se venera la imagen o una reliquia de la Divinidad, de la Virgen o de un santo de especial devoción*»<sup>4</sup>. Estes adoitan acudir ben dun xeito individual ou colectivo para suplicar á divindade a súa mediación ante unha serie de rogativas de índole material (sandar, obter boas colleitas, rogo polos recen nados...) e, algunhas -ás menos- de carácter espiritual; tamén veñen para cumprir coas promesas ofrecidas, logo de que a entidade sacra lles outorgase as peticións requeridas.

«Los santuarios son percibidos como espacios sagrados, de los cuales irradia la salud material o espiritual, y a los que se acude de forma individual o colectiva»<sup>5</sup>.

«... y hace en algunos santuarios, iglesias y ermitas de estos Santos milagreiros, a donde en forma masiva acuden, los días de la fiesta, cientos de romeros y devotos peregrinos con sus ofrendas. Unos para hacer un voto y promesa, que obligue al Santo a concederles el favor que le piden, y otros a cumplir lo que anteriormente prometieron»<sup>6</sup>.

## II. O SANTUARIO DOS MILAGRES DE SAAVEDRA

### II-1.- ALGÚNS TRAZOS XEOGRÁFICOS E HISTÓRICOS DA COMUNIDADE PARROQUIAL DE SAAVEDRA

Sta. María de Saavedra é unha parroquia que, dende o punto de vista eclesiástico, pertence ao arciprestado de Trobo e á diocese de Mondoñedo-Ferrol. Civilmente está encadrada no concello lucense de Begonte<sup>7</sup>, pertencente a comarca da Terra Chá<sup>8</sup>. No ano 2014, esta comunidade parroquial tiña, segundo o I.G.E.<sup>9</sup>, unha poboación de 411 habitantes (208 homes e 203 mulleres) distribuídos en oito entidades de poboación<sup>10</sup>. Limita ao Norte, coas parroquias de Damil e Trobo; ao Sur, coas de Carral e Rábade; ao Leste, coa de Cela (Outeiro de Rei); e ao W., coas de Begonte, Carral, Trobo e Valdomar. Dista cinco km. da capital municipal coa que se comunica por unha estrada local; e dazasete da capital provincial.

A freguesía configurouse na Baixa Idade Media- principios do século XIV- arredor dunha fortaleza pertencente á casa de Saavedra. Esta casa, tivo as súas orixes en Taboí (Outeiro de Rei), preto do emprazamento da igrexa actual e pertencente ao coto e señorío de D<sup>a</sup> Xoaquina de Oca, dama que nomeaba naquel tempo e dentro dos seus dominios o cargo de xuíz ordinario. Dende as súas orixes, disfrutou dun gran poderío, xa que chegou a ter – segundo Vasco de Aponte<sup>11</sup> - oitocentos vasalos. Logo, a fortaleza dos Saavedra foi destruída durante a revolta irmandiña, manténdose os seus restos ata hai pouco tempo. A proxección desta casa foi moi relevante, como queda reflectido nos innumerables persoeiros ligados coa mesma, entre os que podemos distinguir pola súa maior ligazón coa casa de Begonte aos seguintes: D. Francisco Saavedra, rexidor da cidade de Mondoñedo a mediados do século XVI; D. Pedro de Saavedra, capitán e rexidor da mesma cidade en 1627; Don Diego Saavedra Osorio, deán da catedral de Mondoñedo en 1639; D. Francisco Antonio Saavedra y Rigueiro, capitular do Concello de dita cidade en 1716; D. Felipe Diego Saavedra Cotón, sargento maior das Milicias de Lugo, e co grado de tenente



Foto 1.- Vista exterior do Santuario dos Milagres de Saavedra. Ano 2013.



Foto 2.- *Advocación mariana dos Milagres.*  
Ano 2013.



Foto 3.- *Dúas devotas portan imaxes pequenas dos Milagres.* Ano 2013.



Foto 11.- *Posto de exvotos de cera.*  
Ano 2013.

coronel de Infantería en 1763; e D. Miguel Saavedra e Basadre, capitán da Compañía de Cazadores do Reximento provincial de Lugo en 1770. Logo, esta linaxe transpous fronteiras, e así, tamén quedou asentado nas localidades colombianas de Muso e Cauca<sup>2</sup>.

## II-2.- A DESCRICIÓN DO RECINTO SACRO

Trátase dun recinto sacro parroquial, que está emprazado nunha pequena elevación dende a que se disfruta dunha paisaxe admirable na que os carballos, os castiñeiros, os prados e as terras de labor dan unha nota peculiar. Polo tanto, non resulta estraño que D. Xosé Díaz Teijeiro dixese « *que ir ó Santuario dos Milagros de Saavedra é como ir a un paraíso* »<sup>13</sup>.

O templo ao exterior non posúe moito interese xa que está provisto dunha fachada lisa cunha espadana de dous vans e o correspondente remate coa cruz<sup>14</sup>. O seu interior contén unha única nave; un presbiterio cuadrangular; e unha capela lateral, onde se amosa unha imaxe mariana, que sostén nos seus brazos ó Santo Neno Deus en actitude de dar a súa



Foto 4.- Dúas devotas percorren de xeonllos o perímetro do Santuario.



Foto 5.- Unha devota da unha volta ou máis ó redor so recinto sacro de xeonllos. Mediodos dos 80.

bendición. Tamén, conservase no seu interior unha relevante lápida funeraria do século XVI, adherida á parede esquerda da capela maior, cun escudo cuartelado no centro, cunha cruz flordelisada e coas armas dos Montenegro, Parga e Gaioso. Está provista dun texto epigráfico, que fai alusión aos dous persoeiros alí soterrados: D. Roi González de Ribadeneira Sabedra e a súa dona D<sup>a</sup> Violante de Losada <sup>15</sup>.

Nun cruzamento de camiños, situado preto do santuario, hai un cruceiro que consta dos seguintes elementos nunha orde ascendente:

Unha plataforma de tres chanzos de granito.

Unha base monolítica, formada por dous corpos, separados por unha escocia: o inferior de forma paralelepípeda; e o superior, troncopiramidal cos bordos superiores redondeados. Nas caras Norte e Leste do corpo superior vai gravada unha inscrición, que fai mención « aos corenta días de indulgencia concedida polo bispo de Mondoñedo aos que recen diante destas imaxes o Pai Noso, a Avemaría, e o Credo. Na base tamén aparece a data na que se construiu o cruceiros, a saber, ano de 1898.

Un fuste monolítico, prismático, de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto. A parte superior da cara Leste está ornada por unha custodia; nesta mesma cara aparecen esculpidos en relevo os instrumentos da paixón, que nunha orde descendente están dispostos do seguinte xeito: tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de dez banzos. A parte superior das caras Norte e Oeste están ornamentadas cun rebaixe cuadrangular, que amosa no seu interior un rombo e catro roeis flanqueando aos seus lados.

Un capitel de forma troncopiramidal invertida, decorado por volutas nos vértices superiores e por un querubín en cada unha das súas caras.



Foto 6. Devotos oíndo unha das misas que se ofician no Santuario.



Foto 7.- Ritual de poñer o Santo. Medios dos 80.

Finalmente, unha cruz que mostra unha sección cuadrangular no seu extremo inferior e coas arestas achafranadas no resto. Ademais, os extremos dos seus brazos e da cabeceira son do tipo de cruz florenzada. No anverso, baixo unha cartela, está a efixie de Cristo, que amosa os seguintes trazos: unha coroa de espiñas na cabeza, que está inclinada ao lado dereito; os brazos están estendidos ao longo da cruz e as súas mans aparecen abertas; o perizoma anóase ao lado dereito; e as pernas, levemente flexionadas, mostran o pé dereito por riba do esquerdo, e ámbos os dous sobre unha caveira. No reverso, está a efixie da Virxe, vestida cunha túnica e manto e, que amosa as mans cruzadas sobre o ventre<sup>16</sup>.

### II-3.- A FESTIVIDADE E O TERRITORIO DE GRAZA DO SANTUARIO

A festividade da Virxe dos Milagres conmemorase anualmente o día 24 de maio mais poden acudir devotos ofrecidos ao longo de todo o ano<sup>17</sup>. Tamén se celebra aquí a patroa da freguesía, Santa María, o día 8 de setembro<sup>18</sup>, e maila Virxe das Angustias o terceiro e cuarto domingos deste mesmo mes. Como é lóxico, a maior concentración de xente, en número dunhas 10.000 persoas, dáse na primeira das datas citadas. A festividade dos Milagres data tradicionalmente –segundo José Díaz Teijeiro– «do primeiro milagre levado a cabo na época da invasión francesa en España. Sen embargo a súa festividade non comezou a celebrarse ata os primeiros anos do século actual, sendo organizada por varios devotos da Virxe Milagrosa»<sup>19</sup>. Nas miñas visitas a este santuario puiden comprobar a presenza de fieis dos seguintes municipios: Provincia de Lugo: Abadín, Begonte, Bóveda, Burela, Castro de Rei, O Corgo, Friol, Guitiriz, Guntín, O Incio, Lourenzá, Mondoñedo, Monforte, Muras, Ourel, Outeiro de Rei, Palas de Rei, Portomarín, A Pastoriza, Quiroga, Ribadeo, Samos, Sarria, Sober, O Valadouro, Vilalba, Viveiro, Xermade e Xove.

Provincia da Coruña: Aranga, Betanzos, Cesuras, A Coruña, Curtis, Ferrol, Oza dos Ríos e Teixeiro.

A esa relación habería que engadir algúns romeiros do occidente de Asturias, o que pon de manifesto a importancia deste santuario mariano e o seu amplo territorio de graza.

De todos os xeitos, o núcleo que máis devotos aporta é a cidade de Lugo, feito razoable se temos en conta que na capital da provincia se concentra unha importante cantidade de persoas que teñen as súas raíces na Terra Chá. Aínda que moitos ofrecidos fan o camiño a Saavedra a pé, a abrumadora maioría chega o día 24, en autocares ou en vehículos particulares.

Por outra banda, este santuario foi moi visitado por moitos peregrins a Compostela, que seguindo a Ruta Norte e, logo de acceder a Vilalba, encamiñábanse a este recinto sacro onde encontraban cobixo e esmola. Posteriormente seguían o camiño en dirección a Sobrado por terras de Gaioso. Este feito queda reflectido nunha cabeza tocada cun gorro e vieira, colocada sobor da porta da sancristía<sup>20</sup>.

#### II-4.- AS PETICIÓNS E PROMESAS

Os devotos acoden, consonte é habitual, ao recinto sagrado para pregarlle á Virxe a concesión dalgunha petición ou como agradecemento por un favor recibido. Ás veces, tamén veñen para acadar algunha intercesión para outras persoas, que non poden vir por algunha doenza. Entre as peticións máis relevantes están as doenzas humanas de distinta índole e a encomendación para os nenos, que van a nacer, ou para os recién nacidos. Tamén tratan de buscar unha solución a diferentes problemas de carácter familiar e social.

No que atinxe á promesa, esta pode consistir nun contacto directo e sagrado de forza moral entre a persoa e Deus por medio de advocacións cristolóxicas, marianas e de santos. « *Para chegar con máis seguridade a ese Deus, non sempre persoal, o galego bota man dos santos e da Virxe...* »<sup>21</sup>. Sen embargo, o santo non sempre é un intermediario ante Deus, como o define a igrexa, senón que ten un poder inherente ao seu ser. « *O Santo pode ser un ente con poder que lle son propios* »<sup>22</sup>. A promesa á divindade reproduce dunha maneira clara o sistema social vixente, no que a maioría das persoas actúan a cambio dunha posterior prestación, cando chegue o intre axeitado. « *El intercambio de dones entre una persona y un ser sagrado es algo universal y fuertemente vinculante* »<sup>23</sup>. Neste santuario cómpre facer alusión a tres arquetipos de interacción entre os devotos e a advocación mariana: así, o máis habitual é que a promesa sexa « a posteriori », é dicir, a entidade sacra outorga a petición ao devoto e, logo, este realiza a promesa. Esta modalidade recibe tamén o nome de « *ofrenda condicionada* »<sup>24</sup>. Sen embargo, hai devotos que levan a cabo unha serie de rituais e ofrendas no intre de pregar a mediación da divindade ante un problema determinado; trátase dun cumprimento « a priori », xa que os diferentes rituais e ofrendas teñen lugar denantes de que sexa concedida a petición. Esta forma de relación recibe o nome de « *devoción peticionaria* »<sup>25</sup>. Finalmente, outro modo de interacción dos devotos coa entidade sacra e acudir todos os anos en gratitude ao don concedido antano. Sería, polo tanto, unha ofrenda de acción de grazas.

As promesas máis usuais, que se realizan neste santuario, están ligadas ao cumprimento de diferentes rituais e ofrendas.



Foto 8.- Devotas oindo misa con candeas da súa mesma altura.



Foto 9.- Ritual de poñer o Santo. Ano 2013.



Foto 10.- Cartel anunciando a festa relixiosa e profana de Saavedra.

### III.- OS RITUAIS

Arnold Rose sinala que os rituais caracterízanse polos seguintes trazos: posúen unha regularidade e periodicidade ao estar ligados a certas festas; teñen un significado para un bo número de persoas; adoitan amosarse dun xeito dramático; e ocasionan «consensus» de sentimentos mediante unha experiencia participativa<sup>26</sup>. O rito é un universal cultural presente en todas as culturas. É inseparable de momentos importantes no ciclo da vida e e vai acompañado de danza, canto, música, percusión, bandeiras, cor...; tamén, mostra analoxías, metáforas e polaridades, que trata de superar...<sup>27</sup>.

#### III-1.- OS RITUAIS COLECTIVOS

##### III-1.1.- A CELEBRACIÓN DA NOVENA MARIANA

Nove días denantes da conmemoración mariana lévase a cabo unha novena, que vai a ser predicada por un crego, pertencente ás dioceses de Mondoñedo-Ferrol ou de Lugo<sup>28</sup>.

A este evento adoitan acudir devotos non só da comunidade parroquial de Saavedra, senón tamén doutras comunidades da Chaira, mesmo de Lugo capital. Estes son partícipes dos seguintes actos:

Rezo do Santo Rosario e celebración da Santa Misa. Por la señal de la Santa Cruz..., Señor mío Jesucristo... Oración preparatoria para todos os días da Novena. Consideración do día correspondente. Meditación en cada día da Novena: *«dia primero. De la Virgen María en los postreros años de su vida mortal; dia segundo. De cómo fue anunciada a María Santísima la hora de su próxima muerte; dia tercero. Del tránsito felicísimo de Nuestra Señora; dia cuarto. De cómo dieron los apóstoles sepultura al santo cadáver de la Virgen María; dia quinto. De la resurrección gloriosa de María al día tercero; día sexto. De la entrada triunfal de María en la Gloria; día séptimo. De la coronación de María como emperatriz de cielos y tierra por mano de la beatísima Trinidad; día octavo. Del gran valimiento de María ante Dios a favor de los hombres; día noveno. Cual sea la*



*verdadera devoción que debemos profesar a la Madre de Dios*<sup>29</sup> «. Oración final para todos os días da Novena.

A celebración deste ritual amosa algunhas peculiaridades que é mester salientar: participa nel un número importante de fieis, superior ao que asiste habitualmente aos normais cultos parroquiais; a razón deste feito radica en que ao ser unha festividade, que se conmemora unha vez ao ano, desperta interese a solemnidade con que se realizan os seus actos. Así mesmo desperta sentimentos, lembranzas e vivencias relixiosas moi arraigadas. Tamén, constitúe unha oportunidade para revitalizar o culto<sup>30</sup>.

### III-1.2.- AS MISAS, OFICIO E CONCELEBRACIÓN

O día 24 de maio, festividade da Virxe dos Milagres, tanto algúns cregos da comarca chairega como da cidade de Lugo, ofician misas desde as 7 da mañá ata ás 13,30 horas da tarde, momento no se leva a cabo a concelebración da misa solemne, na que adoitan participar varios cregos dambalas dúas diócesis (Lugo e Mondoñedo-Ferrol). Logo, seguense oficiando misas dende as 18 horas da tarde ata as 21 horas ámbas as dúas inclusive. Dependendo das datas, hai anos que se ofician misas, aínda que en menor número, tanto o día anterior como o posterior, e mesmo os domingos seguintes.

#### HORARIO DE MISAS

AÑOS	DÍAS	HORAS
2004	24	DENDE AS 7 HORAS ATA AS 13,30. MISAS REZADAS. ÁS 13,30 HORAS. MISA CONCELEBRADA. DENDE AS 18 HORAS ATA AS 21. MISAS REZADAS.
	29	DENDE AS 9,30 HORAS ATA AS 13,30. MISAS REZADAS. 19 E 20 HORAS. MISA REZADA.
	5 (xuño)	DENDE AS 9,30 HORAS ATA AS 13,30. MISA REZADA. 19 E 20 HORAS. MISAS REZADAS.
2011	22	11,30 HORAS E 12,30. MISAS REZADAS. 20,30 HORAS. MISAS REZADAS.
	24	DENDE AS 7 HORAS ATA AS 13,30. MISAS REZADAS. ÁS 13,30 HORAS. MISA CONCELEBRADA. DENDE AS 18 HORAS ATA AS 21. MISAS REZADAS.
	25	12,30 HORAS E 20,30 HORAS. MISAS REZADAS
	29	DENDE AS 10 HORAS ATA AS 12,30. MISAS REZADAS.
2015	23	DENDE AS 10 HORAS ATA AS 13,30. MISAS REZADAS. 19,30 E 20,30 HORAS MISAS REZADAS.
	24	DENDE AS 7 HORAS ATA AS 13,30. MISAS REZADAS. ÁS 13,30 HORAS. MISA CONCELEBRADA. DENDE AS 18 HORAS ATA AS 21. MISAS REZADAS.
	25	12,30 E 13,30 HORAS. MISAS REZADAS. 20,30 HORAS. MISA REZADA.
	31	10,30 HORAS, 11,30, E 12,30. MISAS REZADAS.

En todos os casos a asistencia a eucaristía pode complementarse co sacramento da confesión e comunión.

O resto do ano acoden devotos ofrecidos á misa, que se oficia os domingos ás 12 ou 12,30 horas.

### III-1.3. A PROCESIÓN

Rematada a misa maior, que se celebra ás 13,30 horas, os romeiros participan na procesión, que dá unha volta ao redor do santuario. Nalgúns recintos sagrados de Quiroga<sup>31</sup>, Pantón<sup>32</sup>, Sober... a procesión realízase denantes da concelebración da misa maior. A orde da mesma é a seguinte: cruz parroquial e pendón das fillas de María, levados polos fregueses



Foto 12.- Devotas percorrendo o perímetro do recinto sacro portando exvotos de cera.

de Saavedra; imaxe da Virxe dos Milagres, tamén levada en andas por veciños da freguesía de maneira preferente; por último, o clero e os fieis en xeral sen distinción de idade ou sexo. Algúns ofrecidos pode participar na procesión situándose cabo da imaxe da Virxe. Así o fixo unha muller co seu fillo pequeno no ano 2005, xunto con outros que levaban velas acesas da altura da persoa ou exvotos de cera. No ano 2014, participou na procesión o bispo da diocese de Mondoñedo- O Ferrol, D. Manuel Sánchez Monje, que ía acompañado dunha ducia de cregos, pertencentes as dúas dióceses da provincia ( Lugo e Mondoñedo-O Ferrol).

A procesión é sen dúbida algunha a manifestación relixiosa multitudinaria máis chamativa. É onde todos os asistentes se manifestan nun camiñar e contemplan con ánimo devoto e recollido o paso da imaxe,

mentres os foguetes atronan o aire cos seus estalos e a música enche de armonía o espazo con agradables marchas.

### III-2.- OS RITUAIS DE CARÁCTER INDIVIDUAL

#### III-2.1.- O RITUAL DE VIR ANDANDO AO SANTUARIO

Noutrora moitos devotos para entrar en contacto co sagrado usaban como medio de purificación o sufrimento físico, consistente en facer o camiño andando, descalzos e, tamén, de xeonllos ou último tramo. No intre actual, este ritual foi decaendo debido non só ao avance dos medios de locomoción, senón tamén a unha maior racionalización da igrexa sobre certas prácticas rituais. De tódolos xeitos, aínda que a maioría dos devotos fan a viaxe en autobuses ou coches particulares, hai un bo número que veñen andando – dun xeito individual ou colectivo- dende diferentes vilas e lugares da Terra Chá, como Begonte, Outeiro de Rei, Vilalba... e mesmo de Lugo capital.

#### III-2.2. O RITUAL DE CIRCUNVALACIÓN

Ademais da participación na liturxia oficial – novena, misas, procesión-, os devotos levan a cabo diversos rituais populares. Un deles é o de circunvalar o templo unha ou varias veces de xeonllos ou de pé, descalzos ou calzados. Durante o percorrido portan nas súas mans unha vela acesa, ás veces da mesma altura que a do ofrendante; algún exvoto de cera, simbolizando unha figura humana total ou parcialmente; algún velón ou cirio pequeno; ou unha pequena imaxe da Virxe, que se van pasando uns a outros na porta principal.

O dar voltas arredor do santuario ten o valor dunha penetración e toma de contacto nun nivel relixioso. Na Grecia clásica este rito facíase cun fin apotropaico e catártico<sup>33</sup>. Este ritual é moi frecuente naqueles países nos que segue habendo unha relixiosidade tradicional de base católica. «Los peregrinos bretones daban tres vueltas alrededor de la

*capilla rezando el rosario, a menudo de rodillas. Los portugueses dan un cierto número de vueltas -en general tres- al santuario con un rosario o una imágen en las manos...<sup>34</sup>.*

### III-2.3. OS RITUAIS DE CONTACTO

O desexo de todo devoto é entrar en contacto coas imaxes de devoción e demais elementos, e obxectos ligados ao santuario, xa que o sagrado proxecta a súa cualidade, sacraliza.

Un ritual de contacto moi popular é o de *poñer a santa*. Nun pórtico situado cabo da igrexa e do cemiterio, dúas persoas da parroquia, con senllas imaxes pequenas da Virxe dos Milagres, fan unha cruz por riba da cabeza dos devotos. O poñente recita xaculatorias para cada fiel que se achega, como:

*« La Virgen de los Milagros  
te conceda la salud del alma  
y del cuerpo. Amén»*

*« A Virxe dos Milagres  
te libre de tódolos males. Amén»*



*Foto 13.- Os devotos deixan exvotos de cera baixo un alpendre situado ó carón do Santuario.*

Como a Virxe dos Milagres se encontra no interior dun pórtico, os devotos que queren levar a cabo outro ritual, o de contacto coa imaxe, entréganlle panos aos encargados de pasalos polo manto da efixie, devolvéndollos a seguir aos propietarios, quen os empregan para tocar as partes doentes dos seus corpos.

Hai anos dunha fonte, sita no lugar de Fontetián a uns 350 metros do santuario, algúns devotos bebían a súa auga e levabana en botellas para as súas facendas. No intre actual este ritual xa non se leva a cabo.

Os rituais de contacto, como «poñer o santo», ou de tocar obxectos na imaxe para levalos a casa como portadores da graza da imaxe sacra, poden ser clasificados como formas de «maxia contaminante», inspirada pola lei de contacto, que se basea no principio de que un obxecto posto en contacto con outro adquire as virtudes deste<sup>35</sup>.

## IV.-AS OFRENDAS

Como compensación polos favores recibidos, ou como ofrenda propiaciatoria, os devotos levan a cabo ademais unha serie de ofrendas:



Foto 14.- Cera acesa no interior do recinto sacro.

#### IV-1.- ESMOLA EN METÁLICO

Trátase dun don moi usual en todos os santuarios. Neste, realízase dos seguintes xeitos:

- Os devotos, logo de « poñer a imaxe mariana», deixan unha esmola nunha bandexa ou boeta, que porta o poñente.
- Un sancristán ou fregués da parroquia vai recollendo nunha bandexa ou peto a esmola dos devotos, que asisten á misa.
- Nas boetas ou petos, que se encontran no interior do santuario.

#### IV-2.- AS MISAS

É unha promesa que o párroco ou un fregués da parroquia, na que está situado o recinto sacro vai anotando nun libro. O seu prezo foi variando ao longo dos anos. Así, no ano 1994, o seu custo era de cincocentas ptas; no 2005, sete euros; e no 2015, 10 euros. Estas misas son oficiadas polo párroco da freguesía no transcurso do ano.

#### IV-3.- OSEXVOTOS

Son ofrendas de obxectos, que os devotos adican ás entidades sacras, mostrando deste xeito gratitude polo ben recibido. Adoitan colocarse nun espazo manifesto. O motivo do exvoto pode ser diverso: unha sandación, o retorno dun conflito bélico, o saír ileso dun accidente, un feliz nacemento... En todos eles repítense tres elementos básicos: a promesa dun don a unha entidade sacra pola consecución dun beneficio; o convencimento propio do individuo cando a entidade satisfizo a súa petición; e, finalmente, o don prometido polo ofrendante facendo constar públicamente que cumpriu a súa promesa. Por outra banda, a orixe do exvoto é antiga, aparecendo xa na Prehistoria. « *Limitándose ao améto de posibles influencias, na cultura celta da Tène aparecen amuletos antropomorfos coa representación total ou parcial do corpo...* »<sup>36</sup>. Logo, todas as culturas: sumeria, asiria, exipcia, fenicia, ibérica, grega, romana... utilizaron estes dons como instrumentos de gratitude ós seres sagrados. Así, na Grecia antiga, o interior do templo de Asclepios en Epidaura tiña os seus muros recubertos de inscricións como proba de agradecemento de moitos doentes ao devandito deus pola cura obtida. A carón das inscricións había bastantes reliquias, que simbolizaban outros tantos milagres: partes do corpo curados, brazos, pernas, peitos etc. En Roma sucedeu o mesmo. Os presentes consistían en pequenas estatuas de bronce, en reproducións de mármore e, tamén, en terra cocida das partes do corpo que soportou a doenza.

Neste santuario teñen especial relevancia « os exvotos de cera », que revisten tres modalidades:

1ª. As candeas de varios tamaños, e dun xeito preferencial as da mesma altura que o ofrendante.

2ª. Os cirios pequenos ou « velóns », de varios cores: azul, branco, verde e vermello, que é o que máis sobresaen.

3ª. Os obxectos artesanais, que simbolizan a unha serie de animais: cochos, eguas, vacas, así como ó corpo humano, total e parcialmente – brazos, mans, pernas, peitos, pés...-. Estas figuras, preferentemente as humanas, son mercadas polos devotos nalgún dos postos de cera – procedentes de Negreira (A Coruña)- que hai preto do recinto sacro; e, logo, oen unha misa e realizan o « ritual de circunvalación, en testemuña do seu agradecemento pola influencia benéfica que a advocación mariana exerceu na sandación de diferentes doenzas humanas; finalmente, depositanas baixo un cobertizo, que hai ao caron do santuario, para estes mesteres. Estes exvotos fannos cereiros, quenes por medio de moldes reproducen todo tipo de figuras. Adoitan permanecer expostos no altar como mostra das peticións feitas e como manifestación pública do poderío e capacidade de convocatoria do santo<sup>37</sup>. No Museo italiano de Montecasino, e no Museo Arqueolóxico de Tesalónica (Grecia) hai exvotos de terracota, que representan corpos humanos, total e parcialmente. O mesmo pasa no Museo de Pontevedra onde hai unha colección de exvotos de terracota, procedentes do santuario itálico de Calvi (Campania). Destacan as cabezas de homes e mulleres, algúns animais: cochos, vacas. A maioría destas terracotas, realizadas con molde, estiveron policromadas, sendo interesante comprobar a súa semellanza cos exvotos de cera que aínda se ofrecen en bastantes santuarios. Éstes en Saavedra valen 2 euros, mentres que « os velóns» custan un e as candeas da mesma altura cinco. Tamén hai algunhas mozas devotas, que entregan á Virxe ramos de flores, para acadar un bo casamento.



*Foto 15.- Ritual de xeonllos ó redor do Santuario. Mediados dos 80.*

## V.- LENDAS DE PORTENTOS

O santuario conta coas correspondentes narracións orais encamiñadas a amosar o poderío da Virxe dos Milagres. As máis espalladas son catro, das que damos un resumo a seguir:

1ª En tempos da francesada, no ano 1809, os invasores tentaron entrar no templo cos seus cabalos para alí pasar a noite. Pero víronse sorprendidos, xa que, malia reiteradas insistencias, non conseguiron penetrar e profanar o templo, proba da protección sacra de que gozaba este lugar, reservado como morada da Virxe»

2ª O señor de Vilaguisada tiña un criado que saiu unha noite a beber cuns coñecidos. Éstes matárono e o deixaron diante da porta do curral do seu amo. A xustiza levou preso ao señor de Vilaguisada como autor do crime, negando éste tal feito. Antes de ser xulgado, pediu ir rezar á Virxe dos Milagres, séndolle concedida tal petición. Entón, indo polo camiño real, pasaron diante dun lugar chamado Fontetián, onde naquel tempo había unha



Foto 16.- Ritual procesional.

fonte ligada ao culto á Virxe. Neste lugar pediu aos seus gardas que lle deixasen beber, ao que estes accederon. Isto deu lugar a que as cadeas coas que viña preso caesen aos seus pés. Pero os gardas volveron poñerllas, sendo conducido ao santuario. Alí, ao rezar as primeiras oracións, volvéronlle caer as cadeas, quedando deste xeito, para confusión dos seus acusadores e sen necesidade de xuízo, demostrada a súa inocencia. Este señor, logo de varios anos, morreu, sendo enterrado no lado esquerdo do altar. Díse que o día do seu enterro a comitiva cubría unha distancia de tres quilómetros.

3ª Nunha casa chamada do Pozo, preto do santuario, declarouse un incendio nun palleiro situado na eira. As lapas eran tan considerables que ameazaban con propagarse a cinco medas. Un membro da

familia, ante a posibilidade de quedar sen colleita de gran aquel ano, acudiu á rectoral, rogando ao párroco que lle deixase levar a imaxe da Virxe ata a súa casa. Obtido o permiso e levada a Virxe ao lugar do incendio, o vento cambiou de dirección, cesando o perigo de propagación do lume

4ª En tempos da francesada, no ano 1809, os membros da comunidade parroquial gardaron a coroa da Virxe baixo un montón de follas secas no lugar das Revoltas, preto do santuario. Segundo a tradición, os franceses estiveron percorrendo os arredores do recinto sacro na procura da devandita coroa mariana. Logo da súa marcha, os paisanos da comunidade atoparon a coroa da Virxe baixo a restreba na que fora ocultada.

Os tres primeiros feitos están reflectidos nunha serie de cantos, que se lle dedican á Virxe no seu novenario.

## VI.- CANTOS Á VIRXE DOS MILAGRES<sup>38</sup>

«Vos sois sol y luna hermosa  
de más alta luz origen,  
ruega por nosotros, Virgen  
Reina y Madre Milagrosa.»

«En este lugar dejaste  
tu imagen consoladora,  
en Saavedra, ¡ oh, gran Señora!  
parece que señalaste  
ser Vos sola Milagrosa»



Foto 17.- Ritual de xeonllos. Ano 2006.

« Al señor, al pordiosero,  
como a todos los que lloran,  
si con fe tu amparo imploran,  
con un fervor verdadero,  
le entregarás todo entero  
tu corazón generoso,  
si eres inocente, serás dichoso.»

«Devuelves la libertad  
que pide con ansiedad  
de rodillas a tus plantas  
al que gime prisionero.  
Y sus cadenas quebrantas  
con virtud prodigiosa».

«Cuando al impio francés  
profanar quiso este templo  
llevó gran lección y ejemplo  
sujetándole los pies.  
Para que conozcan quién es  
la que es grande y poderosa».

«En este mismo lugar,  
han visto con excelencia  
que por vuestra sola presencia  
los incendios se apagaron.  
Escucha, pues, tu cantar,  
Madre mía bondadosa».

«Los romeros a millares,  
vienen a ver el portento,  
por sus devociones singulares  
les das gracias especiales.  
Y cantan emocionados  
¡ Salve Virgen Milagrosa!»

«¿Qué más diré en tu alabanza  
¡ oh Virgen Inmaculada!  
de virtudes coronada,  
de los hombres la esperanza,  
y de toda su bonanza,  
Madre mía Milagrosa?»



Foto 18.- Os devotos deixan exvotos baixo un alpendre existente ó carón do Santuario.



Foto 19.- Posto de rosquillas.



Foto 20.- Variedade de obxectos relixiosos postos á venda.



Foto 21.- Ritual de Circunvalación.



Foto 22.- Ritual procesional.

## VII.- POEMAS SOBRE A VIRXE DOS MILAGRES <sup>39</sup>

O poeta chairego Manuel María, nado en Outeiro de Rei, escribiu varios poemas dedicados a diferentes advocacións marianas desta comarca, incluída a Virxe dos Milagres de Saavedra.

«Miña Virxe dos Milagros,  
Raíña, miña Señora:  
¡cuida do pan que nos agros  
anda a florear agora¡

¡Crucei as augas do Miño<sup>4</sup>  
pra me chegar á túa beira!  
¡E ti sorrisme amodiño  
con sonrisa feiteiceira!

¡Miña Virxe de Saavedra  
viñente ver de escapado  
mentras o centeio medra  
na luz do Maio amainado!

Soio che traio por flor  
a pobreza dun cantar,  
tenrura do meu amor  
¡ e toda a noite a ruar!

¡ Na alma traio soidá  
no corazón una aurora  
¡ Ti reinas na Terra Chá!  
¡ I eu son labrego, Señora!»





Foto 23.- Rosquilleiras.



Foto 24. Ritual de poñer o Santo.- Ano 2006.

## RESUMO DOS RITUAIS E OFRENDAS EXISTENTES NO SANTUARIO DOS MILAGRES DE SAAVEDRA

### LITURXIA OFICIALISTA

#### RITUAIS

MISAS  
PROCESIÓN

#### OFRENDAS

ESMOLAS  
MISAS

### LITURXIA POPULAR

#### RITUAIS

VIR ANDANDO  
CIRCUNVALACIÓN  
POÑER O SANTO  
PASAR PANOS POLA IMAXE

#### OFRENDAS

EXVOTOS DE CERA:  
- FIGURAS HUMANAS  
- VELÓNS  
- VELAS LONGAS  
COMA O DEVOTO

## VIII.- CONSIDERACIÓNS FINAIS. CLAVES DE INTERPRETACIÓN

A Virxe dos Milagres recibe unha devoción popular en moitas comunidades galegas. Sen embargo, as conmemoracións máis relevantes, adicadas a esta advocación mariana, son as que se celebran nos santuarios existentes en Amil (Moraña-Pontevedra); en Monte Medo (Baños de Molgas-Ourense); e, tamén, en Saavedra (Begonte-Lugo).

Unha cuestión importante é a da vixencia destes santuarios romeiros. No que se refire aos Milagres de Saavedra, a súa vitalidade segue sendo moi importante, recibindo nos nosos postmodernos tempos a miles de persoas cada ano. Indubidablemente a área de influencia do santuario en canto a súa operatividade reflíctese nos portentos, que se lle atribúen á entidade sacra que nel se venera. Sen prodixos non hai posibilidade de crear devoción, xa que, segundo *Rodríguez Becerra*, os feitos milagrosos son a manifestación

do poder da imaxe, á que acoden todos os necesitados na procura da solución de doenzas ou de problemas de índole familiar e social. O milagre pode chegar a ser a concreción positiva dun acto de fe polo que se vincula o beneficiario dunha gracia cunha imaxe de devoción<sup>40</sup>.

Respecto á imaxe de devoción (Virxe dos Milagres) de Saavedra, cómpre dicirmos que dende unha óptica oficialista opera como mediadora perante Deus e condensa toda a virtude e o poder sobrenatural; mais desde unha visión, ligada coa piedade popular, posue un poder e influencia propia, é algo inherente ao que simboliza. Polo tanto, con ela establécese unha importante comunicación por medio da palabra e de certas actitudes somáticas encamiñadas a acadar o seu amparo e benevolencia. Sen embargo, este favor sacro hai que relacionalo ao grao de protección ás estruturas do intercambio económico igualitario nun xeito de «*dou para que me deas*». En consecuencia, os devotos realizan rituais e deixan unha serie de ofrendas para satisfacer a súa parte no acordo.

Mais tamén a comunicación coas imaxes require de actos penitenciais propiciadores da graza divina. Así, no santuario dos Milagres aparecen signos relacionados coa penitencia, como ir camiñando dende o lugar de orixe dos devotos e andar de xeonllos ou descalzos arredor do templo. Camiñar é a forma máis sinxela de purificación e mortificación corporal. O carácter penitencial da romaxe está ligado ao esforzo, que debe realizar o ofrecido para chegar á meta romeira, acumulando así méritos que propician ao ente sacro. Andar de xeonllos constitue unha forma de mortificación física que cada vez se realiza menos debido ás consecuencias negativas, que pode ter esta práctica para o organismo humano. Grazas aos cambios culturais dos últimos decenios, tanto a igrexa oficial como os devotos desenvolveron unha nova sensibilidade, que propiciou a decadencia de prácticas relixiosas como esta.

Por outra banda, a dimensión sacra transmítese ao exterior dun xeito directo por medio da procesión. Así, a imaxe de devoción, que sae na mesma, santifica o espacio que percorre, proporcionando unha enerxía positiva a tódolos seres, que se encontran no mesmo. Respecto á disposición da procesión *Álvarez Gastón* distingue unha serie de trazos: trátase de manifestacións máis multitudinarias non só polos participantes activos senón tamén polos numerosos espectadores. No interior da comunidade local é algo que chega vitalmente aos fregueses. Ademais neste ritual é mester reparar nas imaxes, no xeito de levalas, no pobo que toma parte e no que mira, así como no espírito da celebración reflectido en cantos, rezos, e mesmo no silencio.

Finalmente, os oficios relixiosos do santuario complementáanse cunha dimensión laica nos arredores do recinto sacro, cos correspondentes postos de polbo, rosquilleiras e vendedores de diferentes lambetadas e xoguetes; e, como remate, á noite a verbena. No ano 2005, por exemplo, houbo 11 postos de rosquilleiras, que vendían o seu produto a 3 euros a ducia.

A festividade dos Milagres conmemórase tamén neste mesmo día noutros santuarios da provincia lucense, que aínda que teñen un menor territorio de graza, non por iso deixan de ser importantes. Así podemos citar: O Santuario de Souto de Torres (Castroverde); o Santuario de Oirán ( Mondoñedo); o Santuario de Aiaz (Ousende) (O Saviñao). Ademais celébrase a súa festividade en Muimenta, o domingo máis próximo ao día 24 de Maio; o 10 de Agosto en Taboada; e o 24 de Maio, na parroquia de Santa María Madanela de Fanoi (Abadín).

## NOTAS

<sup>1</sup> ÁLVAREZ GASTÓN, Rosendo.: *La religión del pueblo. Defensa de sus valores*, Madrid: B.A.C., 1976, páx. 36.

<sup>2</sup> CACHEDA VIGIDE, Eduardo Aurelio.: *La Religiosidad Popular en Galicia. El Municipio de Arzúa*, Santiago: Ed. Deseño, 1991, páx. 289.

<sup>3</sup> CEBRIÁN FRANCO, Juan José.: *Santuarios de Galicia ( Diócesis de Santiago de Compostela)*, Santiago, 1982, páx. 6.

<sup>4</sup> MARIÑO FERRO, Xosé Ramón.: *Las Romerías / Peregrinaciones y sus símbolos*. Vigo: Ed. Xerais, 1987, páx. 13.

<sup>5</sup> PRAT I CAROS.: « Los Santuarios Marianos en Cataluña: una aproximación desde la etnografía », en *La Religiosidad Popular*, III. Hermandades, Romerías, Santuarios, Anthropos, Barcelona, 1989, páx. 227.

<sup>6</sup> 7.- DE SAA BRAVO, Hipólito.: *Creencias del Costumbrismo Religioso en Galicia*, Pontevedra: Deputación Provincial, 1991, páx. 36.

<sup>7</sup> Trátase dun concello que ten unha extensión de 125, 4 km<sup>2</sup> e limita cos concellos de Guitiriz, Vilalba, Cospeito, Rábade, Outeiro de Rei e Friol. Segundo o I.G.E. (Instituto Galego de Estadística) do ano 2014, posuía unha poboación de 3 179 habitantes, distribuídos en 19 parroquias cun total de 103 entidades de poboación.. A súa superficie forma parte dunha ampla penachira, situada a unha altitude media de 400-500 metros. A máxima altitude corresponde aos 741 m. do Cordal ao sur do concello, no límite con Friol. Begonte está incluído entre os concellos considerados lugares privilegiados da Rede Natura 2000 debido a que unha parte do seu espazo territorial forma parte do lugar de importancia comunitaria Parga-Ladra-Támoga, que comprende as ribeiras dos ríos Parga, Ladra, Támoga e Miño, e as lagoas de Riocaldo.

<sup>8</sup> É a comarca máis extensa de Galicia con 1822, 75 km<sup>2</sup> que está situada no sector norte e interior da provincia de Lugo. Segundo o I.G.E. do ano 2014 posue unha poboación de 42.336 habitantes, que están distribuídos – atendendo a Lei galega de comarcalización (10-07-1996)- polos municipios de Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Vilalba e Xermade. A capital comarcal e, tamén, principal poboación é Vilalba. O dominio das chairas e, polo tanto, grandes superficies dedicadas a prado posibilita a nivel económico un claro predomínio da gandería bovina e das granxas leiteiras.

<sup>9</sup> Instituto Galego de Estadística.

<sup>10</sup> Entidades de poboación: Campo de Arriba, Carretera, Fonte Filloa, As Gandariñas, Goldar, O Mato, A Vila Grande y A Vila Pequena.

<sup>11</sup> Historiador e xenealoxista galego do último tercio do século XV e primeiro tercio do XVI.

<sup>12</sup> BLANCO PRADO, J.M., e RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, M.: *Begonte. Pasado e Presente*. Ed. Alvarellos, 1987, paxs.68-69.

<sup>13</sup> DÍAZ TEIJEIRO, José.: *Recuerdo del Santuario de Nuestra Señora de los Milagros de Saavedra (Lugo)*, Santiago : El Eco Franciscano, 1971, páx. 14.

<sup>14</sup> FRAGUAS, Antonio.: *Romarías e Santuarios*, Vigo: Galaxia. Biblioteca Básica de da Cultura Galega, 1988, páx. 153.

<sup>15</sup> GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel.: *Inventario Artístico de Lugo y su Provincia*, Madrid: Ministerio de Cultura. Dirección General de Bellas Artes y Archivos, 1983, páx. 453.

<sup>16</sup> ARRIBAS ARIAS, Fernando e BLANCO PRADO, José Manuel.: *Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Begonte, Cospeito e Rábade*, Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 2000.

<sup>17</sup> Cando o día 24, cae en venres, sábado, domingo e luns, o párroco adoita engadir un ou máis días de festividade.

<sup>18</sup> En Saavedra houbo unha confraría adicada á patroa da freguesía: A Nosa Señora.

Esta asociación foi administrada por un mordomo ata finais do primeiro cuarto do século vinte e logo polo párroco da freguesía. Ámbolos dous cumprían as seguintes funcións:

1ª. Recada-las tarxas dos confrades que pagaban ó comezo medio real. Nas décadas dos setenta e oitenta deste século os confrades pagaron aproximadamente quince pesetas. 2ª. Aluga-la cera a persoas que non pertencían a confraría. 3ª. Recolle-la esmola que os fregueses da parroquia deixaban no peto adicado a patroa da freguesía. 4ª. O importe das tarxas, o aluguer da cera e a esmola recollida empregában a pagar a cera do enterro dos confrades defuntos, nalgúns actos litúrxicos e noutras cargas. 4.1. *ACTOS LITÚRXCOS*. O administrador da confraría levaba a cabo seis misas de fundación ofrecidas ós confrades. Os cregos asistentes recibían unha remuneración pola súa tarefa. A partir do ano 1915 o administrador

da confraría, ademais das seis misas de fundación, comezou a organizar unha función solemne a véspera da festividade da patroa. Asistían cinco ou seis cregos que recibían ó principio un estipendio de quince pesetas. Algunhas veces a función solemne pagábaa un devoto.

Desde o ano 1937 o párroco da freguesía organizou só unha función solemne o día oito de setembro á que asistían seis cregos. Algúns devotos pagaban ás veces esta función relixiosa. No ano 1960 o párroco da freguesía comezou a planificar, ademais da función solemne de setembro, tres misas durante cinco anos consecutivos. Logo só organizaba a función de setembro dedicada á Virxe e ós confrades.

4.2. *OUTRAS CARGAS*. No ano 1924, o administrador da confraría mercou uns floireiros para ornamentar o altar da Virxe. O seu prezo foi de vintedúas pesetas. No ano 1925 mandou facer uns traxes de seda á Virxe, adornados e pintados polas monxas agustinas de Lugo. O seu prezo foi de cento trece pesetas. No mes de decembro ou xaneiro, o rector da asociación facía as contas da mesma referentes ó presente ano ou ó anterior. A maioría dos anos a confraría remataba con superávit, ficando este en poder do administrador que era o seu responsable. Na década dos cincuenta, o párroco da freguesía depositou o excedente da asociación no banco da Coruña, de Lugo. Na década dos sesenta e metade da dos setenta, o párroco ingresou o superávit na caixa diocesana. A partir do ano 1976 o párroco fixose cargo do excedente da asociación.

Nesta freguesía houbo outras dúas asociacións de confrades: a do Santísimo e a das Ánimas (Blanco Prado, José M.: «As confrarías relixiosas nas freguesías de Saavedra e Trobo nos séculos XIX-XX»).

<sup>19</sup> DÍAZ TEIJEIRO, José.: *Recuerdo del Santuario de Nuestra Señora de los Milagros de Saavedra (Lugo)*, Santiago : El Eco Franciscano, 1971, páx. 11.

<sup>20</sup> ABEL EXPÓSITO, Xosé Manuel. Categoría: Linaxes. Saavedra-Begonte. [www.xenealoxia.org](http://www.xenealoxia.org).

<sup>21</sup> MOREIRAS SANTISO, Xosé.: «A relixiosidade popular no sector rural», en *Rev. Encrucillada*, nº 9. Ed. Sept, Vigo, 1978, páx. 64.

<sup>22</sup> LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín.: «Paganismo e cristianismo na relixiosidade popular», en *Rev. Encrucillada*, nº 9. Ed. Sept, Vigo, 1978, páx. 45.

<sup>23</sup> MARIÑO FERRRO, X.R.: Ob. cit., 1987, páx.. 272.

<sup>24</sup> GONDAR PORTASANY, Marcial.: *Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmos e nós-outros*, Vigo: A Nosa Terra, 1993, páx. 153.

<sup>25</sup> WILLIAM CRISTHIAN, A. Jr.: *Religiosidad popular. Estudio antropológico en un valle español*. Madrid: Tecnos, 1978, páx. 134.

<sup>26</sup> «Rituais», en *Antropológica*. Instituto de Antropología de Barcelona, nº 6, 1977, páx. 99.

<sup>27</sup> LISÓN TOLOSANA, Carmelo.: «Rito, funciones y significado», en *Música oral del Sur. Música hispana y ritual*, nº 9, Junta de Andalucía, 2012, páxs. 22-28.

<sup>28</sup> Da diocese de Lugo participaron nestes últimos anos D. José Lebon (coengo), D. Manuel Castro Gay (coengo), D. José Molejón Rañón (coengo), D. Daniel García ...

<sup>29</sup> DÍAZ TEIJEIRO, José.: *Recuerdo del Santuario de Nuestra Señora de los Milagros de Saavedra (Lugo)*, Santiago: El Eco Franciscano, 1971. páxs. 20-37.

<sup>30</sup> ÁLVAREZ GASTÓN, Rosendo.: *La Religiosidad popular*. Madrid: B.A.C., 1981, páx. 7.

<sup>31</sup> BLANCO PRADO, José Manuel. e RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, Manuel.: «La devoción popular en el Santuario de la Ermita (Quiroga)», en *Lucus*. Boletín Informativo da Deputación de Lugo, nº 42, 1994, páxs. 35-37.

<sup>32</sup> BLANCO PRADO, José Manuel.: *Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses*, Lugo: Deputación Provincial, 1996, páx. 134.

<sup>33</sup> TABOADA CHIVITE, Xesús.: *Etnografía Galega. Cultura Espiritual*, Vigo: Ed. Galaxia, Vigo, 1972, páxs..156-157.

<sup>34</sup> MARIÑO FERRO, X.R.: Ob. cit., 1987, páx.174

<sup>35</sup> GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. *A Mesta Fraga das Festas de Galicia.. En tempos de Festas en Galicia*. A Coruña.: Fundacion Caixa Galicia. T.1, 2006.

<sup>36</sup> TABOADA CHIVITE, Xesús.: *Etnografía Galega. Cultura Espiritual*, Vigo: Galaxia, 1972, páx. 156.

<sup>37</sup> GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: Ob. cit., 1997, páxs. 133-134.

<sup>38</sup> DÍAZ TEIJEIRO, José.: *Recuerdo del Santuario de Nuestra Señora de los Milagros de Saavedra (Lugo)*, Santiago: El Eco Franciscano, 2ª ed., 1971, páxs. 39-40.

<sup>39</sup> MARÍA, Manuel.: *Terra Chá*, Galiza: Irmandade dos Vinhos Galegos, 2005, páxs. 68-69

<sup>40</sup> MUÑOZ FERNÁNDEZ, Ángela.: «El milagro como testimonio histórico. Propuesta de una metodología para el estudio de la religiosidad popular», en *La Religiosidad Popular. I Antropología e Historia*, Anthopos, Barcelona, 1989, páxs. 164-186.

BIBLIOGRAFÍA

- ABEL EXPÓSITO, Xosé Manuel. Categoría: Linaxes. Saavedra-Begonte. [www.xenealoxia.org](http://www.xenealoxia.org).
- ÁLVAREZ GASTÓN, Rosendo (1976): *La religión del pueblo. Defensa de sus valores*, Madrid: B.A.C.
- ARRIBAS ARIAS, Fernando e BLANCO PRADO, José Manuel (2000): *Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Begonte, Cospeito e Rábade*. Sada (A Coruña): Ed. do Castro.
- BECERRA RODRÍGUEZ, S. (1992): «De ermita a santuario: reflexiones a partir de algunos casos de Andalucía». En : *Romaría e Peregrinacións*. Actas do Simposio de Antropología. Consello da Cultura Galega. Santiago.
- BLANCO PRADO, J.M., e RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, M. (1987): Begonte. Pasado e Presente. Ed. Alvarellos.
- BLANCO PRADO, J. M. (1991): Religiosidad popular en el Municipio de Begonte, Begonte (Lugo): Servicio de Publicaciones Diputación provincial.
- BLANCO PRADO, J.M. (1996): Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses, Lugo: Deputación Provincial.
- CACHEDA VIGIDE, Eduardo Aurelio. (1991): *La Religiosidad Popular en Galicia. El Municipio de Arzúa*, Santiago: Ed. Deseño.
- CANCIO FERNÁNDEZ, José.: Autor dos mapas de localización do Concello de Begonte.
- CEBRIÁN FRANCO, Juan José. (1982): *Santuarios de Galicia (Diócesis de Santiago de Compostela)*, Santiago.
- DE SAA BRAVO, Hipólito. (1991): Creencias del Costumbrismo Religioso en Galicia, Pontevedra: Deputación Provincial.
- DÍAZ TEIJEIRO, José. (1971): *Recuerdo del Santuario de Nuestra Señora de los Milagros de Saavedra (Lugo)*, Santiago : El Eco Franciscano.
- FRAGUAS, Antonio (1988): *Romarías e Santuarios*, Vigo: Galaxia. Biblioteca Básica de da Cultura Galega.
- GONDAR PORTASANY, Marcial (1993): *Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmos e nós-outros*, Vigo: A Nosa Terra, páx. 153.
- GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel (1983): *Inventario Artístico de Lugo y su Provincia*, Madrid: Ministerio de Cultura. Dirección General de Bellas Artes y Archivos.
- LISÓN TOLOSANA, Carmelo (2012): «Rito, funciones y significado», en *Música oral del Sur. Música hispana y ritual*, nº 9, Junta de Andalucía.
- LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín (1978): «Paganismo e cristianismo na relixiosidade popular», en *Rev. Encrucillada*, nº 9. Ed. Sept, Vigo.
- MARÍA, Manuel (2005): *Terra Chá*, Galiza: Irmandade dos Vinhos Galegos, 2005.
- MARIÑO FERRO, Xosé Ramón (1987): *Las Romerías / Peregrinaciones y sus símbolos*. Vigo: Ed. Xerais.
- MOREIRAS SANTISO, Xosé (1978): «A relixiosidade popular no sector rural», en *Rev. Encrucillada*, nº 9. Ed. Sept, Vigo, páx. 64.
- MUÑOZ FERNÁNDEZ, Ángela (1989): «El milagro como testimonio histórico. Propuesta de una metodología para el estudio de la religiosidad popular», en *La Religiosidad Popular. I Antropología e Historia*, Anthropos, Barcelona, páxs. 164-186.

PRATICAROS (1989): « Los Santuarios Marianos en Cataluña: una aproximación desde la etnografía», en *La Religiosidad Popular*, III. Hermandades, Romerías, Santuarios, Anthropos, Barcelona.

TABOADA CHIVITE, Xesús (1972): *Etnografía Galega. Cultura Espritual*, Vigo: Galaxia.

WILLIAM CRISTHIAN, A. Jr. (1978): *Religiosidad popular. Estudio antropológico en un valle español*. Madrid: Tecnos, páx. 134.



Foto 25.- Ritual de xeonllos.